

Amarraches a rosa, esqueciches as espiñas

<i>Cada mañá abría os ollos</i>	<i>Non era amor o que me pechaba,</i>
<i>pensando en non volver espertar,</i>	<i>senón o medo a escapar.</i>
<i>cada tarde musitaba,</i>	<i>Como poden existir persoas así?</i>
<i>desexando que algún día volvería a soñar.</i>	
<i>Cada tarde miraba pola fiestra</i>	<i>Agarda que chegue a túa hora,</i>
<i>crendo que por un momento podería voar,</i>	<i>porque de nada che servirá rogar,</i>
<i>pero as cadeas son firmes</i>	<i>xa que o tempo pasa rápido</i>
<i>e el non me deixará xamais.</i>	<i>e ó final, escarmentarás.</i>

Fáloche a ti, a quen impón unha autoridade que para nada é necesaria, a quen precisa berrar para demostrar que é máis home, a quen humilla e denigra co único obxectivo de sentirse o dono dunha persoa que non é propiedade de ninguén. Non te estou ameazando, xa que non son lume que araña as feridas. Non te estou avisando, pois dende o comezo sabías que un día a forza non ía ser sempre a gañadora. Non vou esperar máis, comprendes que xa non o aturo máis? Sentes como teño que recuperar a miña vida? Si, esa que ías cortando póla a póla, até non deixar máis que un tronco baleiro, espido, desprotexido. Lembras? As miñas bágoas caían febles polas miñas meixelas, temerosas de espertar de novo a agonía, cada vez que os teus brazos, mans, pernas... machucaban lenta e continuamente as feridas do anterior día. Nas noites, medorenta sobre unha cama fría, agardaba unha luz, a luz, a morte, a miña vida. Chegabas, eu miraba a televisión, apagada, como o meu sorriso. Bicábasme, e eu seguía na miña cela, na miña prisión. Pensaba na choiva, nas tormentas, en como arrastran ó seu paso, levándose consigo todo o que atopan. Oxalá o tempo puidese... Mentres tanto,

os barrotes da cela oprimían o meu peito, o pescozo, a miña vida. Pechaba os ollos, non o quería ver, non quería ver outro golpe bañado en amor sanguento. Minuto a minuto, tras a cortina negra chegaba unha nova dor... Lembras? Era a miña aprendizaxe, o meu castigo; a miña salvación, o teu delirio. A nosa historia, a nosa vida, o noso amor... paxaros sen ceo, libros sen título, poemas sen verso. A túa luz, a túa estrela, apagouse cando decidiches atar as cadeas. Estas cadeas, as miñas cadeas, que quebraron o cristal, a mentira, a inocencia roubada dunha muller, dun soño por cumprir. Amarraches a rosa, pero esqueciches as espiñas...

Cala. Escoita. Oes? Paz, silencio, tranquilidade, a vida. Observa. Velo? Tras os teus barrotes, unha paisaxe verde, con flores, rodeada de sorrisos e de agarimo, respecto, baixo un cálido sol, baixo o meu sol. A miña paisaxe, o meu sol, a túa cela e a miña liberación. Aínda non fuxiches? *Tic-tac*, a conciencia reclámate.

Fdo. **A túa rosa**

P.D. : Escriboche dende un lugar onde non me poderás volver ver, onde non terei que preocuparme da túa man dereita ou do teu puño esquerdo. Xa non terás que corrixirme nin poderás volver chamarme a berros polo meu nome, porque agora é LIBERDADE.